

CADERNO PEDAGÓXICO

# Pangeia



# PANGEIA

Um espectáculo de:



**limiar**  
teatro



AGADIC  
Axa da Galiza das  
Indústrias Culturais



Com a colaboración de:



XUNTA DE GALICIA

**Caderno pedagógico. Pangeia**

EDITA: Agadic. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia

REALIZA: Limiar Teatro e Acaso Danza

FOTOGRAFÍAS: Hugo Fernandes Gerarte; agás páxinas 4, 16 e 18 Allison Lima, Alex Deflex

DESEÑA: Trisquelia

CADERNO PEDAGÓGICO

# PANGEIA

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS  
Santiago de Compostela, 2015



## Contido

1. Introducción . . . . .	7
2. O teatro e a Pangeia . . . . .	13
3. As emocións en Pangeia. . . . .	15
4. De que vai Pangeia? . . . . .	17
4.1. A orixe do mundo: física, química e bioloxía . . . . .	17
5. Interculturalidade en Pangeia. . . . .	19
6. Metáforas visuais en Pangeia . . . . .	21
6.1. Pangeia . . . . .	21
6.2. O Ciclo de Wilson . . . . .	21
6.3. A maleta . . . . .	23
6.4. O pan . . . . .	24
6.5. A corroza . . . . .	24
7. Ficha artística . . . . .	27



# 1. Introducción

Este material didáctico que expoñemos aquí supón unha ferramenta, tanto para o profesor, como para o alumnado de secundaria; un apoio que agardamos permita un maior aproveitamento desta experiencia teatral.

Estas propostas están pensadas para este nivel educativo, porén son suxestións que deben contar coas adaptacións e modificacións que o profesorado considere oportunas tendo en conta o grupo de traballo.

Debido ao tipo de proposta teatral que presentamos, propoñemos unha viaxe dende o exterior, o formal, ao seu exterior, descubrindo temáticas moitas veces ocultas dentro da peza. Trátase dun traballo de investigación e reflexión para o alumno a través do que tire as súas propias conclusións, posiblemente algunhas das que nin sequera nós nos decatamos. Neste senso instamos ao profesorado a deixar fluír o discurso e as reflexións dos alumnos. No teatro contemporáneo, ao igual que acontece nas artes plásticas ou na música, o espectador completa o significado da peza facendo lecturas persoais que en moitos casos nutren e enriquecen a peza.

O espectáculo que presentamos pertence ao teatro contemporáneo, lindando co chamado *postdrama*, no que non se atopa unha liña narrativa nin temporal, no que conflúen diferentes disciplinas artísticas e no que non hai presenza de personaxes tal como os entendemos habitualmente. Un xeito de facer teatro no que investigamos nas novas linguaxes escénicas.

Os obxectivos pedagóxicos que entroncan co traballo sobre *Pangeia* que propoñemos son os seguintes:

- Comprender as características de diferentes formas de representación escénica. Dialogar e debater con tóxica e coherencia, respectando as persoas que sosteñen posturas diferentes.



- Adquirir e desenvolver actitudes e valores positivos ao respecto da diversidade cultural, ao contacto intercultural e á relación entre lingua e cultura.
- Coñecer a realidade multilingüe do mundo e fomentar a competencia pluricultural e plurilingüe.
- Coñecer e reflexionar sobre a situación da nosa lingua, factores e procesos que a levaron á súa posición actual.
- Coñecer, identificar e afondar na dialéctica individuo/sociedade.




- Comprender procesos históricos que derivan na situación actual.
- Coñecer teorías, conceptos e modelos máis importantes dentro do campo da xeoloxía.
- Coñecer os procesos de xeodinámica interna.
- Coñecer as músicas doutras culturas, as súas características, as sensacións que provocan e a función que cumpren dentro do seu contexto histórico-social. Relacionalas coas músicas propias.



- Identificar os ciclos de actividade económica. Distinguir sistemas económicos e formar un xuízo persoal acerca das vantaxes e inconvenientes de cada un deles.
- Coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas e a sobre-explotación de recursos naturais, así como os derivados da globalización da actividade económica.

Para acadar estes obxectivos desenvolvemos unha xeira de actividades e debates sobre o espectáculo *Pangeia*. Como xa comentamos anteriormente, os contidos desta proposta poden ser adaptados polo profesorado en función do grupo de alumnos.





## 2. O teatro e a Pangeia

*Pangeia* presenta unha composición por cadros, pequenas escenas ligadas que conforman unha estrutura circular, de feito, a peza comeza e remata do mesmo xeito. Como xa dixemos, achégase á tipoloxía do **postdrama**.

Para comezar suxerimos un pequeno debate sobre as diferenzas entre esta peza e algunha outra na que participará o alumno como espectador.

Propoñemos unhas preguntas que poden axudar a marcar as diferenzas entre os diferentes tipos de teatro.

- ▶ Podemos atopar unha liña narrativa definida?
- ▶ Que personaxes aparecen na obra?
- ▶ Cando os actores visten algún complemento como chapeus, gafas de sol etc... seguen sendo os mesmos personaxes?
- ▶ Cantas disciplinas artísticas podemos atopar en *Pangeia*? Teatro, música, artes plásticas...
- ▶ No escenario, que espazos diferenciados encontramos en *Pangeia*?
- ▶ Cales son os elementos de significación que considerades máis importantes neste espectáculo? Luz? Texto? Son? Vestiario?... E por que?
- ▶ Que diferenzas atopades entre unha película e o teatro?



### 3. As emocións en Pangeia

- ▶ Que emocións vos provocou *Pangeia*?
- ▶ Ristes? En que momentos do espectáculo?
- ▶ Púxosevos o «coiro de pita»? En que momentos do espectáculo?





## 4. De que vai Pangeia?

«Pangeia é o supercontinente orixinal do que derivan todos os outros continentes.»

### 4.1. A ORIXE DO MUNDO: FÍSICA, QUÍMICA E BIOLOXÍA

A través dos desastres naturais —erupcións volcánicas, tsunamis, terremotos, furacáns, desertizacións...— o planeta ten o aspecto que coñecemos hoxe. Pero o noso planeta non rematou a súa transformación; por sorprendente que pareza, sabemos moi pouco das súas entrañas.

A Humanidade adaptouse aos cambios que sofre a Terra: o clima, o contorno natural, o aproveitamento dos recursos...

A súa increíble capacidade para imaxinar, fantasiar, soñar, fai das utopías o motor do progreso humano é capaz de adiantarse e inventar o seu futuro, é quen de reinventarse, perfeccionarse, aprender de outros, acumular e transmitir experiencias dunha xeración á outra, utilizar ferramentas e tecnoloxía. O progreso do ser humano é único e o avance da humanidade depende do seu crecemento intelectual. A súa evolución cognitiva faino un ser único.

#### 4.1.1. A formación do planeta tal e como o coñecemos: Pangeia

<https://www.youtube.com/watch?v=nuq1Ux42DQg>

- ▶ Non te preguntas como sería viaxar ao centro da terra? Seguro que non ten nada que ver co libro de Xulio Verne.
- ▶ Procura o que pasou na URSS nos anos 70. «O burato de Kola», un proxecto de prospección científica para profundar na codia terrestre. Como rematou o proxecto?  
<https://www.youtube.com/watch?v=HjwkQu6o4NY>

Xa comentamos que en *Pangeia* as lecturas do espectador poden ser moi variadas, aínda así imos tentar descubrir algunha das temáticas básicas nas que nos baseamos para compor esta peza. Cando comezamos a traballar partimos dun concepto sobre o que xiraría o espectáculo. Queriamos falar das ligazóns e as diferenzas que encontramos entre as culturas de Brasil, Portugal e Galicia.

Isto non é casual xa que os integrantes desta coprodución pertencen a estas tres rexións. Fomos indagando e atopamos que alén do vencello da lingua, que semella obvio, tamén existen moitas conexións no tocante a tradicións, ritmos musicais... como se no máis profundo pertenceramos a unha mesma raíz, Pangeia.

Ao longo do proceso de creación, desta temática principal foron derivando outras: a dualidade individuo/colectivo, a globalización, a presenza dos ciclos na historia e na vida. De todos eles iremos dando conta a través dos debates e actividades que propoñemos a continuación.



## 5. Interculturalidade en Pangeia

«... é un tópico, unha simplificación estúpida.»

Para comezar esta etapa parécenos oportuno establecer un debate sobre as semellanzas e diferenzas entre as culturas galega e brasileira que se expoñen no espectáculo. Cómpre facer fincapé no vencello lingüístico, na saudade, no folclore...

Cuestións que poden axudar a desenvolver o debate:

- ▶ Tivestes dificultades para entender os textos en portugués?
- ▶ Que é a lusofonía? Pensades que Galicia pertence ou non á lusofonía?
- ▶ Saberiades dicir cinco nacionalidades da esfera lusófona?
- ▶ Que semellanzas e diferenzas atopades no idioma?
- ▶ Sabiades que o galego e o portugués teñen unha orixe común? Poderiades desenvolver o proceso histórico que levou á súa separación?
- ▶ Cales son os tópicos que coñecedes ao respecto da cultura do Brasil e dos brasileiros?
- ▶ E cales os tópicos da cultura de Galicia e dos galegos?
- ▶ Canto de verdade credes que hai nos tópicos?

Se hai no grupo rapaces de outra orixe cultural, formular estas preguntas co seu lugar de orixe sería unha boa idea para achegar esta problemática ao alumnado.



## 6. Metáforas visuais en Pangeia

Un dos xeitos que empregamos para abordar os diferentes temas do espectáculo son as metáforas, a meirande delas de tipo visual, accións ou elementos que aparentemente son unha cousa pero que levan consigo un significado máis ou menos agachado. Veremos agora algunha desas metáforas e como axudan a revelar os diferentes temas da peza.

### 6.1. PANGAIA

«... québrase e polo deriva continental sepárase para volver a xuntarse, noutro punto e doutro xeito diferente.»

A propia Pangeia constitúe unha metáfora referida ás conexións e ás diferenzas culturais, sociais e históricas das que estamos a tratar. Fala dunha orixe común e fala dun volver a atoparse.

- ▶ Cales pensades que poden ser as orixes comúns, ademais de Pangeia?

Aquí cabe falar dende a orixe da humanidade ata a orixe do universo.

- ▶ Pensades que nalgún momento nos volveremos atopar?
- ▶ Qué papel xoga a globalización neste volverse a atopar?

Nesta cuestión deben ser contemplados argumentos tanto a favor coma en contra. Sinala elementos que promoven a globalización, tanto económica coma cultural: grandes multinacionais, medios de comunicación, estilos musicais, modas, cadeas de comida rápida...

### 6.2. O CICLO DE WILSON

«Todo é cíclico, Polo... Todo é cíclico, Polo... Todo é cíclico, Polo...»

O Ciclo de Wilson é o fenómeno xeolóxico polo que as placas tectónicas se desprazan, separándose e xuntándose unhas coas outras pola deriva continental. De aí que os continentes, nalgún momento, dentro duns douscentos millóns de anos se volvan a xuntar conformando un novo continente único.

Pangeia non foi o primeiro supercontinente, houbo outros antes e case con certeza haberá outros despois, constitúa pois un ciclo.

Propoñemos un traballo de investigación sobre a formación dos diferentes continentes, buscando indicios que xustifiquen esta teoría. Dende a coincidencia

das liñas de costa dos diferentes continentes ata a semellanza entre especies en continentes actualmente illados. Suxerimos o uso de elementos como fotografías de animais, mapamundis etc...

A formulación destas cuestións e posta en común na aula das respostas pode axudar a entender como nos afectan os ciclos:

- ▶ Lembrades os ciclos aos que se fai referencia no espectáculo?
- ▶ Que ciclos atopamos na natureza?
- ▶ E na sociedade, economía, historia?
- ▶ E nas nosas vidas?
- ▶ Por qué pensades que acontece isto?

Na peza emprégase un aparato que se chama *loop station*. Con el pódense gravar sons, creando un ciclo sobre o que se poden gravar novos sons. A base da música gravada na *loop station* non deixa de ser un «ciclo» (*loop*, repetición).

Os psicólogos levan anos comprobando que o mero feito de ver ou escoitar algo con anterioridade produce na nosa mente unha especie de pracer, coma se o cerebro se sentise ben co recoñecemento e mesmo xogase a completar o que cre que falta. O fenómeno da repetición ten un papel especialmente destacado na música. A inmensa maioría dos ritmos que producimos os humanos caracterízanse pola repetición dun patrón e o seu efecto sobre o cerebro é o que o fai a música tan participativa e irresistible. Até o punto de que o simple feito de repetir algo pode musicalizalo «maxicamente».

Para demostralo, a psicóloga Diana Deutsch, da Universidade de California, San Diego, creou unha ilusión auditiva chamada a ilusión do «discurso converti-



do en canción» (*speech-to-song illusion*). Para experimentalo, proba a escoitar os dous seguintes audios de forma consecutiva e sen interrupción.

<https://soundcloud.com/aeon-magazine/sound-demo-1>

<https://soundcloud.com/aeon-magazine/sound-demo-2>

No primeiro audio escoitarías un bucle coa expresión *and they sometimes behave so strangely* (ás veces compórtanse de maneira tan estraña). Ao escoitalo nunha frase normal, no segundo audio, o fragmento adquire maxicamente unha especie de propiedade musical, e mesmo nos parece que a locutora estaba a falar e arrincou a cantar.

Esta ilusión auditiva demostra que un mesmo fragmento pódenos parecer discurso ou fragmento dependendo só en se o escoitamos repetido con anterioridade. Cando algo se «musicaliza», a atención do cerebro desprázase cara á forma e deixa atrás o significado como se pode comprobar facilmente se repites durante un bo intre a mesma palabra. O importante é que o cerebro se sente convidado a participar e mesmo a seguir o ritmo, o que fai que a música sexa tan universal.

### 6.3. A MALETA

«...e sobre todo, por qué se aferra tanto á maleta verde?»

No espectáculo aparece un home que carga cunha maleta verde, da que non se desprende, coma se tivera medo de separarse dela, moitas veces camiña case sen rumbo pola escena, en soidade ou rodeado de xente, pero sempre coa maleta.



Esta maleta é unha desas metáforas visuais ás que fixemos referencia. A maleta, ou mellor dito, o contido dela representa iso que imos acumulando ao longo da vida, moitas veces cousas prezadas, outras veces auténticas cargas, quizais sexa o peso da individualidade, enfrontada có universo colectivo.

- ▶ Que pensades que pode levar este home na maleta? Lembra que é unha metáfora, polo que calzóns e calcetíns resultaría demasiado literal.
- ▶ Que relación ten este home co seu contorno, coa xente coa que se atopa?
- ▶ Todos temos unha maleta, a vosa que contén?
- ▶ Este home nun momento do espectáculo fala da maiéutica. Saberiades explicar en que consiste?
- ▶ «Penso logo existo», «O home é un lobo para o home», «Eu son e as miñas circunstancias».
- ▶ Evolución das artes. As manifestacións artísticas contemporáneas.
- ▶ A orixe das especies de Darwin.
- ▶ Fundación Atapuerca.

Recomendamos a visualización do filme *O último neandertal* do director J. Maletterre (2010). Comprobarás as vicisitudes a que debe enfrontarse o home primitivo se desexa sobrevivir nun mundo hostil que en nada se parece ao de hoxe.

#### 6.4. O PAN

«... é cuspidiño ao pai.»

Unha das primeiras accións que acontecen en *Pangeia* é o amasado dun bolo de pan, e a derradeira acción é sacar o pan do forno, completando novamente un ciclo.

O pan é o alimento universal, polo que tamén simboliza a unión entre as diferentes culturas, xa que é a base alimenticia de millóns de persoas en todo o mundo.

Propoñemos un traballo de investigación en torno ao pan, descubriendo os diferentes tipos de pan e as zonas xeográficas de onde proceden. Conseguir as receitas e elaborar diferentes tipos de pan pode ser un complemento desta actividade.

#### 6.5. A COROZA

Este elemento aparece no espectáculo. Pertence á tradición galaico-portuguesa, pero ten ligazóns co caboclo do Brasil. Suxerimos unha pequena indagación sobre as orixes desta vestimenta, época, procedencia xeográfica e a súa funcionalidade.







galicia

